

Narrativa Unánime Premio Blanco Amor 2009, 'Monte Louro' esmigalla o vivir humano no que ten de inconstante, impredecíbel e extraordinario. Son setecentas páxinas do mellor Luís Rei Núñez

Tras a cor do silencio

Estraña maneira de darse aos outros a literatura. O escritor é o mentireiro máis auténtico que coñezo. Imposta pensamentos, sentires, soños que non son seus, pero que aprehende no proceso da escrita e que logo, atrevidamente, exhibe para que o resto o recoñezamos e nos recoñezamos a través deles, para que peneiremos nesas vidas imaxinadas o que de común con todos nós teñen. As súas palabras son os escintilleos da ardora entre a bruma, un eco de luz apagado que nos recorda o fulgor que habita no fondal do noso propio abismo.

Cando un le unha novela de Luís Rei Núñez posúeo esa convicción íntima, reveladora. Non importa a escusa argumental da que se sirva, o que conta é o mundo de relacións humanas, de paixóns e sentimentos que fai agromar. Á fin, como dicía Cortázar, non hai temas bos ou malos, senón unicamente historias mal ou ben contadas, e as deste coruñés de crianza muradá son desta última xinea.

Monte Louro, a novela coa que neste 2009 se fixo acredor por unanimidade do Premio de Novela Longa Blanco Amor, exemplifica inmemorablemente o que afirmo. Porque o traballo dun novelista, xa se sabe, consiste en facer visible o invisible a través da verba e Rei Núñez consegue neste moi longo relato (case setecentas páxinas) que o lector acabe rendéndose á conmoción das emocións, invadido polas máis instintivas pulsións, pois, dalgunha maneira, termina por vivencialas nun proceso empático de identificación, ata o punto de rematar por facer seus os prantos, as dores, os gozos, os temores e ata as dúbidas dos seus personaxes.

Nesta novela está o mellor do Rei Núñez que xa coñeciamos. Aquí atópase a fe cega na loita por un mundo mellor que se agochaba tras as páxinas libertadoras de *Expediente Artieda* (Premio Xerais 2000), o espírito de aventura e a capacidade de reinventarse que *A estrela dos polisóns* (Xerais, 2003) amosaba, o poder omnímodo do amor que berra dende cada unha das súas planas a novela *Toda a vida* (Xerais, 2005) e, por suposto, a melancolía infinita e a esperanza inmorrente que sostén aos zoupados pola vida nese filme neorrealista feito palabra que levou por nome *O señor Luguís e a negra sombra* (Xerais, 2007), Premio da Crítica Española e Premio da Federación de Libreiros.

De por parte, *Monte Louro* é tamén unha novela *pin up*, un grande circo do humano onde a orquestración de estilos, xéneros e motivos narrativos se mostra feraz en extremo, pois nela caben tanto a novela de aprendizaxe nunha actualización do *bildungsroman* tradicional, pasando polo esperpento valleinclanesco do relato dialogado e parateatral, ata o drama intimista e psicosocial.

Unha arquitectura, por tanto, moi complexa a desta obra, que transparenta unha estrutura de encarte na que, o que moi



Tolstói no seu estudo en 1908 // Sergei Mikhailovich

ben poderían ter sido catro novelas independentes, acabaron por se ver teseladas unha sobre outra nun *continuum* que contribúe a soldar o protagonista común e a progresión na peripecia vital deste dende a súa infancia no Muros de acabada a guerra ata os seus últimos anos no Bos Aires dos setenta e primeiros oitenta, sen esquecer o interludio dunha mocidade de *amour fou* e renuncias múltiples nunha grisalla Barcelona de plena posguerra.

O VIVIR HUMANO

Estes escenarios e estes tempos sabe Rei Núñez enchelos de personaxes fascinantes, caracterizados cunha plasticidade e finura tan acabadas que un non pode senón admirarse do tan verosímil retrato tanto das mulleres coma dos homes das máis diversas condicións, idades e circunstancias que pola obra desfilan.

Un realismo do que tamén goza a recreación de espazos e feitos do pasado, demostrando un sorprendente traballo de documentación que tivo que ter presente un lapso de tempo moi dilatado e localizacións moi diferentes, facendo transitar por eles un número importante de personaxes e dosificando acadamente o progreso da acción, servíndose para logralo dun moi habelencioso entretecido de voces narrativas que proporcionaron ao au-

tor a luz imprescindible para ir alumando aquelas rexións da historia que só estes narradores podían fornecer.

E, malia o dito, se un tivese que salientar por riba de todo un único trazo definitorio como verdadeiramente característico do universo narrativo de Rei Núñez non dubidaría en sinalar que, xunto á acuidade para o profundar na alma dos seus personaxes, a súa coidadísima prosa, burilada ata nas súas máis nimias pregas, é con certeza o que fai singular a súa escrita. Abrir este libro por calquera parte e deixarse sorprenden polo inxente traballo de puído sintagmático que revela, pola férrea vontade de musicalizar os períodos e empastar as secuencias e os parágrafos nun fluír harmonizado, fará que se entenda mellor por que hoxe por hoxe este autor é un dos narradores con maior calidade de páxina cos que contamos.

Monte Louro, como todas as grandes obras que antes dela foron, convídanos a contemplar o inconstante, impredecible e extraordinario vivir humano. E aquí Rei Núñez emparenta naturalmente cos admirables narradores realistas de todas as latitudes, como Galdós, como Dickens, como Tolstói. A súa novela é un mosaico sentimental, unha vitrina da feira do mundo, un expositor no que se mercadea coa materia da que están

feitos os nosos soños e se sobrevive á dúbida atroz de cal é a cor do silencio. O amor, a morte, a amizade, a loucura, a incompreensión, o medo, a ira, a tristura son trens do corazón nos que viaxan os personaxes desta obra. Mais, non nos enganemos, son tamén os fantasmas propios que nos visitan, as sombras que dende estas liñas nos falan para dicirnos que aquilo que lemos é tamén, dalgunha maneira, a nosa propia vida, as nosas debilidades máis inconfesables, as nosas secretas ledicias, o horror das culpas que nos laceran.

Non sei —é difícil sabelo— a sorte que ha correr agora entre o lectorado xeral e os mediadores críticos esta novela. Sei, iso si, que cando o tempo pase e os lectores do futuro volvan a ollada ás súas planas un tremor antigo os sacudirá para lembrarlles que a boa literatura sempre será quen de emocionarnos.

// Armando Requeixo

Monte Louro ·
Luís Rei Núñez ·
Xerais, 2009 ·
688 páx · 24 euros

